

O nivel director da represión paralegal Un estudo de casos¹

Julio Prada Rodríguez
Universidade de Vigo

Abstract:

In this paper an approach to the phenomenon of *repression paralegal* in Ourense during the Franco's Régime is carried out from a analysis of cases.

Keywords:

Repression, Franco's Régime, Ourense.

Resumen:

En este artículo se propone una aproximación al fenómeno de la represión paralegal en Ourense durante el período franquista desde la perspectiva metodológica del estudio de casos.

Palabras clave:

Represión, Franquismo, Ourense.

¹Este artigo inscríbese no marco do Proxecto de Investigación *Sociedade, Ideoloxía y Poder Político en la Galicia contemporánea*, Ministerio de Ciencia y Tecnología (2003-2006), Ref. BHA2003-07243 dirixido por J. de Juana López.

I

Non hai moito tempo lembraba C. Mir o seu convencemento de que para progresar na comprensión global do fenómeno violento é preciso partir de realidades moi concretas, pois son “as únicas que permiten captar as relacións interpersoais que estiveron na base dos comportamentos sociais articulados arredor das prácticas represivas de posguerra”¹. Ben é certo que con isto córrese o risco de primar os aspectos descritivos da investigación ademais dos problemas derivados da selección e das propias inclinacións particulares do historiador; mais isto non debe ser obstáculo para avanzar na procura da «verdade histórica» e tampouco debe ir en detrimento da necesaria síntese interpretativa como nestas páxinas se propón.

Partindo destas premisas escollemos para a nosa análise un caso nada extraordinario pero que ten a particularidade de gozar dunha ampla tradición oral en Ourense dada a repercusión que tivo na cidade, non pola significación da vítima senón polas consecuencias que o descubrimento do seu asasinato tivo para quen deu a orde de execución. Como teremos ocasión de comprobar, arredor del construíuse unha peculiar memoria colectiva que, á marxe das lóxicas diferencias de matiz entre cada individuo particular, contribuíu a reforzar unha crenza moi estendida da que o réxime sacou partido dabondo: os militares non se identificaron coa represión paralegal, senón que fixeron canto estivo na súa man para detela e mesmo castigaron ós culpables sen lles importar que se tratase de compañeiros de elevado rango.

II

Unha fría madrugada de principios da segunda quincena do mes de febreiro de 1938 uns campesiños atoparon nas proximidades da Ponte dos Gozos, situada no límite das parroquias de Lamela e Santa Marta de Moreiras, o cadáver dun home no que se apreciaban varios impactos de bala. Non era a primeira vez nin tampouco sería a última que no termo municipal de Pereiro de Aguiar aparecía un morto coa inconfundible pegada dos asasinatos políticos: o *tiro de Calvo Sotelo*, do que falaban algúns en referencia ós *claudiados* que tinxían de sangue as gabias dende aquel verán do 36. O medo, máis ben o terror, volveu apoderarse deles como naqueles primeiros meses, cando algúns mozos e non tan mozos da parroquia tiveran que se presentar «voluntarios» nalgunha das unidades de falanxistas ou requetés para escapar da represión; por algo a aldea de Cachamuíña “tenía fama de ser comunista en su mayoría”, mais foi o medo o que obrou o milagre das afiliacións e non a semente botada polos seus propagandistas, como semellaba crer inxenuamente o líder do *Núcleo de la Lealtad* de Ourense².

Axiña se estendeu o rumor polos arredores, chegando a oídos do párroco de Lamela, dos primeiros en ser informados do feito. Non por casualidade a estrada era unha das máis frecuentadas da provincia, vía natural para os que se dirixían á capital dende as terras de Caldelas ou de Trives e, naturalmente, dos concellos situados ó leste daquela. Non sabemos se o xuíz municipal fixo acto de presenza no lugar, malia o que dispuña a normativa en vigor; se o fixo obviáronse todas as formalidades legais. En primeiro lugar o

¹MIR CUCÓ, C., *Vivir es sobrevivir. Justicia, orden y marginación en la Cataluña rural de posguerra*, Ed. Milenio, Lleida, 2000, p. 18.

²RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, L., *El tradicionalismo ourensano desde 1910 a 1936*, manuscrito orixinal, 1959, pp. 244-245.

Decreto nº 67 de 11 de novembro de 1936, promulgado polos propios sublevados coa teórica finalidade de facilitar a inscrición de mortes, desaparicións e ausencias; segundo este *La inscripción de fallecimiento o la desaparición de personas (...) se verificará en el Registro Civil del último domicilio, y si éste no constase en el de naturaleza del individuo de que se trate*. Poderá argumentarse que no intre de aparición do cadáver non se coñecía o domicilio da vítima, mais nese caso a lexislación contemplaba a súa inscrición no Rexistro correspondente ó lugar no que foi atopado, debendo ser soterrado no cemiterio máis próximo.

Só esta última disposición cumpríuse de acordo coas formalidades esixidas, pois segundo parece o corpo foi conducido ó camposanto da parroquia Lamela, preto do lugar do asasinato, mais nos libros de defuncións do xulgado municipal de Pereiro de Aguiar non consta a inscrición da vítima. Non é que se disfrazase a causa da súa morte para cumprir o preceptuado pola *Ley Provisional del Registro Civil* (LPRC) de 17 de xuño de 1870³, orixinariamente pensada para a protección do dereito ó honor e á intimidade das persoas e dos seus familiares: concretamente o seu artigo 86 prescribía que *cuando la muerte hubiere sido violenta, o hubiere ocurrido en la cárcel, establecimiento penal, o por efecto de ejecución capital, no se hará mención en la partida correspondiente del Registro Civil de ninguna de estas circunstancias*⁴. Simplemente omitiuse calquera mención ó achado e enterro do cadáver dun home naquelas datas o cal, por certo, non deixa precisamente en moi bo lugar a aquelas investigacións que tomaron como referencia principal o estudo dos Rexistros Cívís para a cuantificación das vítimas da guerra e da represión⁵.

Ben é certo que daquela a información circulaba cunha rapidez moito menor á dos nosos tempos; non o é menos que os dixeime-dixeime facían a un ritmo sorprendente. Mais antes que se tivese coñecemento do lugar da aparición do cadáver, no Hospital de Ourense, monxas e internos comentaban silandeiamente o caso dun lexionario que a xornada anterior fora ingresado cunhas feridas causadas por un disparo sen que ninguén lles dese explicación algunha; este home, mentres era atendido, contaba unha extraña historia que parecería de novela de non ser porque xa tiñan escoitado falar de casos similares. Falaba de que o meteran nos calabozos do Cuartel de San Francisco acusado de inxuriar ó gobernador militar e maldicilo polo trato que dispensaba ós seus compañeiros feridos; el e o comandante-director César Gutiérrez, a quen se acusaba de ser un “hombre sin conciencia ni sentimientos ni del dolor, ni del agradecimiento a nosotros que con nuestras heridas certificamos nuestro credo de defender a España y la tranquilidad de esta retaguardia”⁶.

O lexionario dicía non lembrar concretamente as súas manifestacións, xa que se atopaba bébedo e pensaba que o puideran ter denunciado unhas prostitutas, o cal, por certo, demostraba os éxitos do Novo Estado á hora de obter a complicidade e a implicación de amplos sectores sociais na cultura da delación, tal como pretendera dende os

³A «provisionalidade» desta lei persistiría ata a entrada en vigor da Lei do Registro Civil de 8 de xuño de 1957 (BOE, nº 296 do 10 de xuño) e do Regulamento de 14 de novembro de 1958 (BOE nº 296 do 11 de decembro e rectificación no BOE nº 18 de 21 de xaneiro de 1959) que a desenvolve.

⁴Algunhas reflexións sobre a súa problemática en REIG TAPIA, A., “Consideraciones metodológicas para el estudio de la represión franquista en la guerra civil”, en *Sistema*, nº 33, 1979, pp. 103 e ss.

⁵Cfr., sobre todo, SALAS LARRAZÁBAL, R., *Pérdidas de la guerra*, Barcelona, Ed. Planeta, 1978; *Los datos exactos de la guerra civil*, Madrid, Ed. Drácena, 1980.

⁶Archivo General Militar de Ourense (AGMO), dilixencias previas 273/1942, fol 43a; de non especificar o contrario, as citas que seguen proceden deste documento.

seus inicios⁷. O caso é que o sacaran pola noite e o meteran nun coche co pretexto de ser conducido a outra prisión, e cando levaban pouco máis dunha hora de camiño, a un centenar de Kms. da capital, mandárono baixar do vehículo; como estaba certo de que o ían asasinar botouse por un garoto abaixo sen se parar a pensar sequera en que ía esposado, e malia que lle dispararon e sentiu sobre o seu corpo o impacto dunha bala, conseguiu despistalos amparado pola escuridade. Mais o esforzo e a xeadá deixárono extenuado, polo que perdeu o sentido e cando espertou atopouse outra vez cos que ían ser os seus executores, que mallaron nel canto quixeron laiándose da reprimenda que lles botara o brigada ó mando por non o ter executado e por ter que facer novamente o camiño de ida e volta na súa procura. Diante da incredulidade duns e doutros aseguraba non saber por que non o mataran alí mesmo se esa era a súa intención, mais cría que por medo a que alguén dos arredores escoitase os disparos e puidera identificalos a eles ou o vehículo, porque esas cousas, segundo se dicía, só acontecían de noite. Para uns aquel home aínda estaba baixo os efectos do alcohol; outros aseguraban que eran as feridas e a perda de sangue o que o facían delirar, pero houbo quen apuntou que non sería o primeiro que escapaba dun paseo por algunha milagrosa intervención, fose divina ou humana.

Esa mesma noite o médico, os enfermeiros e as relixiosas de garda recibiron sorprendidos a visita dun oficial con galóns de tenente ó que algúns coñecían persoalmente ou tiñan escoitado falar del: era o secretario do gobernador militar, Eliseo Franqueira Raña, ó cal acompañaban unha parella de gardas de Seguridade. Malia o estado en que se atopaba esixiron a entrega do lexionario ferido argumentando que había orde de trasladado a unha prisión. De pouco valeron os seus laios e os berros de que o ían matar: foi introducido a golpes nun vehículo particular mentres un segundo agardaba a orde de partir por se acaso pasaba o da outra vez, malia que os executores non estaban dispostos a errar novamente no tiro; a comitiva colleu cara o norte, pola estrada da Loña, máis só tardou uns intres en virar cara a dereita pola estrada de Trives.

Cando chegou a nova da aparición do cadáver ó Hospital non tardaron en atar cabos: de feito ninguén tivo a máis mínima dúbida de que se trataba daquel lexionario que

⁷Xa Robert Gellately sinalou que o terror xerado pola Gestapo non tería sido posible sen a cooperación cidadá expresada a traveso dunha intensa actividade denunciadora; dende esta óptica non pode ser interpretada como unha estrutura estraña que se impón ós alemáns, senón como un instrumento de dominación que, se ten éxito como axente represivo, é gracias á cooperación dos cidadáns (GELLATELY, R., "The Gestapo and the German society: political denunciations in the Gestapo case files", en *Journal of Modern History*, Universidade de Chicago, vol. 60, nº 4, 1988, pp. 654-694; cit en MIR, C., F. CORRETGÉ, J. FARRÉ e J. SAGÜES, *Repressió económica y franquisme. El tribunal de Responsabilitats Polítiques a la provincia de Lleida*, Barcelona, Publicacions de l' Abadía de Montserrat, 1997, p. 8). A denuncia como motor da xustiza franquista nunha comarca inicialmente encadrada no bando republicano pode verse en GUTIÉRREZ GÓMEZ, J., *Guerra Civil en una comarca de Cantabria: Campoo. Análisis de la represión republicana y de la represión franquista*. Santander, Comité Organizador del Festival Cabuérniga, 2000, pp. 128-132; para o caso conquense PRIETO JIMÉNEZ, D., "Aproximación a la represión física durante la posguerra en Cuenca capital (1939-1945)", en *El franquismo: el régimen y la oposición. Actas de las IV Jornadas de Castilla-La Mancha sobre investigación en archivos*, ANABAD, Guadalajara, 2000, p. 694; a creación dun clima represivo favorable ás denuncias, as incitacións das autoridades e o espírito de revancha e lucro persoal como móbil de moitas deles pode verse en FABRE, J., "La delació dins la repressió franquista de postguerra", en *L'Avenc*, nº 75, 1984, pp. 34 e ss.; a importancia das denuncias para o control ideolóxico dos vencedores no ámbito profesional en SOLÉ I SABATÉ, J. M^a, *La repressió franquista a Catalunya (1938-1953)*, Barcelona, Edicions 62, 1985, p. 40. Sobre a pervivencia desta cultura da delación e dos esforzos para ampliar a vixilancia sobre a poboación na posguerra vid. CAZORLA SÁNCHEZ, A., *Las políticas de la victoria. La consolidación del Nuevo Estado franquista (1938-1953)*, Madrid, Marcial Pons, 2000, en esp. pp. 102 e ss.; recentemente CENARRO LAGUNAS, A., "Matar, vigilar y delatar: la quiebra de la sociedad civil durante la guerra y la posguerra en España (1936-1948)", en *Historia Social*, nº 44, 2002, pp. 65-86.

dixera chamarse Anacleto Martínez Fernández, coñecido polo alcume de «Verrugas». Mal ía pensar este ordenanza do tenente coronel da Lexión José Pérez Pérez que remataría os seus días en Ourense, onde fora trasladado polos bos oficios do seu superior para curarse dunha ferida de guerra de non moita gravidade ó tempo que gozaba da plácida e regalada vida de retagarda nunha cidade que tiña fama de ser das máis entusiastas á hora de se sumar ó Movemento e recompensar ós seus heroes.

III

Mais tampouco quen deu a orde para a súa execución podía contar cal sería o resultado final desta historia. Merece a pena deterse uns intres na traxectoria dun home que tería tan destacado papel na implementación da represión na provincia de Ourense. Luis Soto Rodríguez levaba xa tres anos como comandante militar da provincia cando estoupou a sublevación. Tiña 57 anos e aínda non ascendera de tenente coronel, e iso que ó cumprir os 16 anos abandonara o seu Ferrol natal para ingresar na Academia de Infantaría de Toledo⁸. Con só dezoito anos tivo o seu primeiro contacto con terras ceutís ó ser destinado ó Rexemento de Infantería de África nº 2, frustrándose, pola contra, o seu embarque para Cuba onde fora destinado por RO de 12 de maio de 1898. Un ano máis tarde volverá a Melilla, prestando despois servizo nas prazas de Santa Cruz de Tenerife, Oviedo e Xixón ata que a finais de novembro de 1906 foi promovido ó emprego de capitán por antigüidade, sendo destinado ó Batallón 2º Reserva de Mondoñedo (Lugo). O 1 de febreiro de 1907 incorpórase á praza de Ourense ó ser destinado ó Rexemento de Infantería Ceriñola, que en setembro de 1909 pasou a formar parte da 1ª Brigada, 3ª división do Exército de Operacións de África, co cal tivo que retornar ás incomodidades da gornición melillense. En terras africanas participou en diversas operacións militares que lle valeron a concesión da cruz de 1ª clase do mérito militar con distintivo roxo, ata que a finais de agosto do ano seguinte pasou ó Batallón 2º Reserva de Allariz (Ourense)⁹.

O 1º de abril de 1911 incorpórase ó seu novo destino na capital da provincia, onde casaría con Carmen Fuentes García, filla do reputado banqueiro Juan Fuentes Pérez, en xuño do ano seguinte, arraigando definitivamente en terras ourensás. Desempeñou diferentes destinos na Caixa de Recrutadas –entre eles o de caixeiro, axudante e secretario da zona de recrutamento–, o Batallón de Reserva e a Academia de clases de tropa, na que exerceu de profesor un breve período de tempo. En abril de 1919 foi promovido ó emprego de comandante por antigüidade, o que o levará a romper momentaneamente a súa relación con Ourense por ser destinado ó Rexemento de Infantería de Murcia nº 37 de gornición en Vigo. En xullo de 1920 volverá a terras alaricanas, paso previo para o seu retorno á Caixa de Recrutadas da capital en setembro deste ano. Despois dunha breve estancia como delegado gubernativo en Ribadeo (Lugo) entre finais de 1923 e setembro de 1924 acabará por facerse cargo no mes de decembro deste ano do mando do Batallón Reserva de Ourense nº 103, cargo que compatibilizará co de xuíz eventual da praza. Entre finais de 1925 e xuño de 1927 estivo destinado na VII Rexión Militar como delegado gubernativo en Alba de Tormes e

⁸A súa folla de servizos en Archivo Histórico Militar de Segovia (AHM-Segovia), Secc. 1ª, S-3.375; vid., asemade, AGMO, exp. nº 1.442.

⁹Alguns aspectos relacionados coa «lóxica» represiva dos africanistas poden verse en GONZÁLEZ DURO, E., *Franco. Una biografía psicológica*, Madrid, Temas de Hoy, 2000, p. 75; vid., asemade, BACHOUD, A., *Franco*, Barcelona, Crítica, 2000, pp. 43-44; e ELORZA, A., "Sobre la naturaleza del franquismo", en *El franquismo: el régimen y la oposición...*, op. cit., T. I, p. 817.

Salamanca, pasando logo a desempeñar idéntico cargo en Ourense; en marzo deste último ano o Consello Supremo de Guerra e Mariña denegáballe a invalidación das nove notas desfavorables que daquela acumulaba no seu expediente persoal.

En febreiro de 1930 cesa no cargo de delegado gubernativo en Ourense, quedando en situación de dispoñible forzoso na VIII Rexión Militar ata que no mes de xullo se integra no Batallón de Montaña Mérida nº 3, ó cal se incorpora na capital provincial. O 25 de abril de 1931 asinará o compromiso de adhesión á República, conseguindo permanecer en Ourense, grazas a unha permuta, como xefe das forzas procedentes do disolto Rexemento de Infantería de Murcia nº 37. O 12 de febreiro de 1932 era promovido ó emprego de tenente coronel por antigüidade, quedando en situación de dispoñible. Despois de desempeñar os cargos de Xefe de instrución en Lugo e o mando da 15ª Brigada de Infantería en A Coruña, retornará a Ourense como xefe da Caixa de Recrutados, presidente da Xunta de Clasificación e Revisión e comandante militar da praza en febreiro de 1933. Nesta situación sorprende a declaración do estado de guerra co gallo dos acontecementos revolucionarios de outubro, durante os cales xa se distingue pola súa persecución ós elementos máis significados das esquerdas, ós que coñecía ben polo seu arraigo na capital.

Con este currículo era de agardar que Soto procurase non inimizarse abertamente coas autoridades republicanas agardando pacientemente a que lle chegase o ascenso a coronel –naturalmente por antigüidade– para retirarse axiña e disfrutar dunha cómoda pensión sen meirandes preocupacións naqueles axitados tempos. Mais a dureza que empregou para reprimir ós implicados nos sucesos de outubro do 34, as súas relacións familiares cos círculos adañados da capital, o sensible que era ós afagos de certos sectores conservadores e os ataques posteriores de que foi obxecto pola prensa de esquerda fixérono cada vez máis sensible á propaganda involucionista que lle chegaba por diferentes vías. Cando os primeiros proxectos de golpe comezan a tomar corpo o ferrolán non permanece á marxe, mais prefire que tome a iniciativa o seu amigo, o comandante de Infantería José Ceano-Vivas Sabau, quince anos máis novo cá el pero cun futuro algo máis prometedor grazas ó seu último ascenso por méritos de guerra no Protectorado de Marrocos e á súa actuación á fronte das tropas que dende Ourense acudiron a someter ós mineiros asturianos¹⁰. As mesmas senón meirandes vacilacións amosaría en xullo do 36: segundo algunhas versións tivo que ser intimado en dúas ocasións polo propio Ceano para que se puxese á fronte do golpe como oficial de meirande graduación, mais só o fixo cando constatou que en A Coruña e noutras cidades de Galicia o Exército xa saíra á rúa a declarar o estado de guerra. Tamén se amosou especialmente comprensivo nos primeiros intreos con algúns destacados dirixentes da esquerda local, caso do alcalde en funcións Manuel Suárez Castro, do delegado de Traballo Eduardo París Villar, de Aníbal Lamas Cid e do propio gobernador civil Gonzalo Martín March¹¹. Se cadra por iso non dubidou tanto á hora de acudir ós métodos máis expeditivos para borrar calquera mostra de disidencia e castigar coas máis severas penas ós que se distinguiran polo seu compromiso republicano.

¹⁰Para profundar nesta cuestión vid. PRADA RODRÍGUEZ J., *Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 2004, pp. 17 e ss.; algúns datos biográficos sobre Ceano en AHM-Segovia, Secc. 1ª, C-2.440 e AGMO, cart. 399.

¹¹Vid. as diferentes manifestacións neste sentido no capitán da Garda Civil J. Ros Hernández en AGMO, causa 1.387/1937.

E non só civís. De feito, antes de ordenar a execución do «Verrugas», xa decretara o fusilamento sen formación de causa de varios militares, entre eles o soldado Amaro López Basante, acusado de propaganda subversiva por dar vivas a Rusia e ó Exército vermello cando era conducido ó Cuartel para prestar servizo; o cabo Claudio Rodríguez Díaz, acusado de atacar en público ós sublevados, aludir ás dificultades que tiñan para tomar Asturias, o seu escaso creto internacional e a axuda que Rusia lle prestaba á República; e o sarxento de Infantaría Ramón Regueiro Barreiro, acusado de manifestacións derrotistas. Daquela non pensou que un lexionario ferido, que nin sequera era orixinario da cidade, puidera plantexarlle algún problema.

Mais aconteceu que uns dous meses despois outro lexionario, Manuel Gasa Viduella, ferido uns días antes do asasinato na fronte de Teruel e trasladado a Ourense, conseguiu facer chegar unha carta ó xeneral Millán Astray na que se queixaba de que "(...) a la menor falta se nos mete en los calabozos inmundos donde el agua chorrea por las paredes y es ambiente propicio para la infección de las heridas, siendo éstos en los subterráneos del Hospital donde se nos trata por practicantes incompetentes, y en donde los Médicos pocas veces actúan personalmente (...)"; engadía que levaba máis dun mes arrestado nos calabozos do Seminario só "por ir una noche un poco bebido por celebrar una de las victorias nuestras en el frente (...) por cuyo motivo me dieron de alta por el Director, sin verme ni reconocermelme el médico (...)". Na misiva narrábase detalladamente o caso do lexionario asasinado, engadindo, ademais, que era rumor público "que se han fusilado sin formación de causa y por parecidos motivos otros Legionarios en el Cuartel de San Francisco (...) y han sacado paisanos a las «Claudias»", ademais doutros casos de malos tratos que eran máis ou menos tolerados polo xa coronel.

Mais antes de que a carta de Gasa chegase ó seu destino, o Alto Mando xa estaba a mover ficha pola súa conta. Por Orde de 23 de febreiro de 1938 (BO nº 490) cesaba no mando do Rexemento de Simancas o coronel Gerardo Mayoral Monforte. O xeneral Xefe da VIII Rexión Militar propuxo ó ministro de Defensa do goberno franquista o nome do Soto, se cadra para afastalo de Ourense cando xa existía un ambiente nada favorable á súa actuación en materia represiva. O 2 de marzo a proposta era elevada a Franco, pero seis días máis tarde o xeneral xefe de Estado Maior informaba ó ministro "que no estimo conveniente acceder, ya que el estado de salud del Coronel D. Luis Soto Rodríguez no es el más adecuado para el mando que se indica", sendo rexeitada a proposta. O 30 de marzo era cesado no cargo de gobernador militar en virtude dunha orde telefónica do xeneral xefe da VIII Rexión Militar en cumprimento do preceptuado no telegrama remitido polo propio Franco.

¿Que acontecera neste curto período de tempo? O xeneral Yagüe ordenou ó tenente da Lexión Antonio Arrabal Cabezas desprazarse a Ourense para instruír unha información sobre o comportamento de Luis Soto. O seu dictame non ofrecía dúbida algunha de "que el que dió (sic) la orden de ejecutar al expresado legionario fue el Comandante Militar de Orense en aquella fecha Coronel Soto". E iso que daquela o ferrolán xa tivera tempo de construír a que sería a súa principal liña de defensa; segundo declaraba: "(...) como consecuencia de un telegrama circular de la Comisaría General de Seguridad Interior, orden Público e Inspección de Fronteras, transmitido de Valladolid, al Delegado de Orden Público de Orense, ordenó al Secretario del Gobierno Militar se diera orden de trasladar a dicho legionario a Valladolid debidamente custodiado (...)", estando acusado de espionaxe e de

varios delitos de estafa. Mais tamén tivo que recoñecer que ó día seguinte ingresara novamente ferido no Hospital para ser curado "(...) de una herida calificada por los médicos de leve, producida por los individuos que le llevaban conducido a Valladolid, al intentar fugarse a unos 100 kilómetros aproximadamente de esta capital de Orense, y como su estado de salud lo permitía fue nuevamente conducido a Valladolid, enterándose días después que a unos cuatro kilómetros de esta Plaza, el legionario había intentado agredir a la pareja que le custodiaba viéndose ésta obligada a repeler la agresión causándole la muerte". O seu secretario, E. Franqueira, afirmaba que se realizara unha información nos primeiros días da segunda quincena de febreiro de 1938 con relación ás frases injuriosas e ameazas do lexionario da que deu conta ó gobernador militar, "quien ordenó queda pendiente hasta que él resolviera"; uns días despois este último dispuxo que o xefe do corpo de Asalto preparase o seu traslado á capital valisoletana sendo informado da súa morte ó tentar fugarse malia o cal o gobernador non ordenou instruír as oportunas dilixencias.

Posteriormente o comandante Luis Fernández España foi comisionado para instruír dilixencias por este e outros feitos acontecidos no Hospital de Ourense, pero na investigación aberta exculpouse formalmente ó xa ex-gobernador militar, a pesar do que se confirmou a súa destitución, pasando pouco despois á situación de dispoñible. De acordo co Decreto nº 100, a Xunta Superior do Exército dispuxo o 2 de xuño a súa baixa no Exército "por falta de aptitud no física para el mando, pasando a la situación de retirado", fixándoselle un mes máis tarde un haber pasivo mensual de 825 ptas. Asemade sufriu dous meses de arresto na fortaleza da Palma (Ferrol) e confinamento de máis dun ano en Xerez da Fronteira, localidade na que formalizaría o seu ingreso en FET y de las JONS co carné nº 16.682. En novembro deste mesmo ano obtén permiso para fixar novamente a súa residencia en Ourense, instalándose na céntrica rúa de José Antonio nº 3, 2º dereita.

Mais Soto aínda tentou unha última manobra para conseguir a revogación da sanción que lle fora imposta aproveitando que o expediente instruído por Arrabal Cabezas «desaparecera» misteriosamente ó pouco de ser arquivado: no verán de 1940 pediulle ó xeneral Helí Rolando de Tella y Cantos, daquela gobernador militar de Lugo, que instruíse unha información para depurar a súa conduta anterior e posterior ó Movemento, na cal tamén interveu o xeneral Gil Yuste sen que apreciase responsabilidade algunha nos feitos do ferrolán. Nas conclusións elevadas ó ministro do Exército por Tella no mes de marzo de 1941 eludía entrar no fondo das acusacións relacionadas co caso do lexionario e insistía, pola contra, no "extraordinario entusiasmo, espíritu de justicia, celo incansable, y especialmente el carácter y decisión admirables de este coronel al que por ello debe gratitud la Patria". Na súa opinión as urxencias do momento non permitían un criterio distinto, moito máis "en una provincia tan difícil como la de Orense, que era un conglomerado de caciques de todos los partidos y donde el marxismo había alcanzado gran preponderancia". Do que se trataba, como o xeneral recoñecía implicitamente, era de conseguir as máximas aportacións posibles de homes, víveres, diñeiro e todo tipo de subministracións para a causa dos sublevados aínda que iso esixise a utilización de métodos expeditivos: "(...) la dureza de que tanto se habla (...) fue absolutamente precisa en las circunstancias en que ejerció el mando el Coronel Soto, como ocurrió en otros lugares que se salvaron para España, en los primeros momentos y así el General que informa hubo de proceder con igual o mayor dureza e inspirado por iguales móviles de amor a la Patria".

Pouco máis dun ano despois tería lugar o último episodio desta historia. O 1 de xuño de 1942 o ex-capitán da Garda Civil Juan Ros Hernández, inimigo declarado de Soto, a quen, entre outros, consideraba responsable da condena que lle valeu a súa expulsión do Corpo, denunciou estas e outras moitas irregularidades, extensivas a outros mandos do Exército e da Comandancia da Garda Civil de Ourense. O xeneral de Brigada, xefe da 82 División do Corpo de Exército de Galicia, Siro Alonso Alonso, encargouse da instrución; durante a mesma o ferrolán volveu a declarar nos mesmos termos que anteriormente, ratificando a que fora a súa posición inicial. Mais a versión ofrecida polos gardas que realizaran a condución do lexionario non ten desperdicio: segundo manifestaba un deles, o brigada ó mando advertiulles "(...)" que iban al Hospital a recoger a un individuo para trasladarlo de prisión. Que al salir del Hospital con el citado individuo, el Brigada mandó subir a todos a un automóvil particular que se encontraba allí parado subiendo también al coche el Brigada que se sentó al lado del chófer. Que al llegar a un sitio de una carretera en las afueras de la población (...) paró el coche, bajándose el compañero J.C.R. para ver lo que pasaba, y entonces el individuo que habían sacado del Hospital, aprovechando que la puerta del vehículo había quedado abierta dio un salto y se lanzó fuera del coche con el propósito de darse a la fuga, por lo que el Brigada dio la orden de que se le trajera muerto o vivo, y como era ya de noche y no podían darle alcance dispararon las pistolas el declarante y su compañero, observando que el fugitivo cayó al suelo y aproximándose a aquel sitio vieron que estaba muerte".

O seu compañeiro J.C.R. ofreceu unha versión nada coincidente ó declarar que "(...)" el citado legionario solicitó permiso para hacer una necesidad y al concedérselo descendió con el E.F. (...) Que al poco tiempo oyó gritar al citado E. que decía al declarante se apareara de prisa. Cuando descendió el E. le informó de que se escapaba el legionario y como el citado E. no podía perseguirle por sus pies planos, el dicente echó a correr en la dirección señalada por el otro guardia. Para amedrentar al que huía disparó varias veces al aire y sin precisar puntería por que (sic) no veía al legionario. Después estuvieron buscando y no encontraron nada". O xeneral non puido senón concluír que "es efectivamente cierto que a dicho legionario se le aplicó la ley de fugas", malia que conclúe que "no hubo orden expresa de asesinato (...) [sino] de conducirlo a Valladolid (...) y si dió (sic) orden verbal de ejecutar el acto que se le atribuye nadie lo sabe (...)".

IV

O debate terminolóxico subxacente á denominación empregada pola historiografía para referirse ós asasinatos característicos da etapa do *terror quente* xa foi obxecto da nosa atención con anterioridade, o mesmo que a sistematización das diferentes modalidades da represión física implementadas polo franquismo¹². Non se trata, pois, de profundar aquí nestas cuestións, senón de analizar, a partir do caso comentado, o mecanismo de funcionamento do que denominamos *nivel director da represión paralegal* na provincia de Ourense. Este nivel está formado á súa vez por varios subniveis: o Alto Mando Militar e da VIII División Orgánica, os principais mandos militares da provincia e á xefatura provincial de Falanxe; dos tres só o segundo intervén directamente no exemplo que nos ocupas. De calquera xeito cómpre partir da base de que o amplo marxe de autonomía que posuían comandante

¹²PRADA RODRÍGUEZ, J., "As modalidades represivas no primeiro franquismo. Unha proposta de sistematización", en *Minus*, VI, 1998, pp. 99-115; máis recentemente e con meirande profundidade en *Metodoloxía e fontes para o estudio da represión franquista en Galicia*, Ourense, Obradoiro de Historia de Galicia, 2003.

militar e gobernador civil da provincia nos seus respectivos ámbitos de xurisdicción atopábanse mediatizados polas instrucións emanadas das Altas Instancias. Dela partían, en efecto, as instrucións xerais que regulaban e modulaban a intensidade e as fases do proceso represivo, o que poderíamos denominar as súas «liñas mestras». Como están a demostrar os diferentes estudos realizados en todo o Estado, o *terror quente* non é algo espontáneo que xurda e se estenda a modo de contaxio, senón unha primeira fase na depuración dos elementos desafectos que forma parte dunha estratexia global posta en marcha polos centros decisoriais dos sublevados¹³, que se reproduce cada vez que se tomaba unha localidade e mesmo persiste nas derradeiras fases da guerra¹⁴. Tanto o xeneral Emilio Mola na súa condición de máximo responsable do Exército do Norte, como a Xunta de Defensa Nacional e o propio Franco unha vez elevado á condición de *Generalísimo* coñecían, toleraban e alentaban coa súa ausencia de actuación enérxica o que estaba a acontecer na súa retagarda a pesar do que reflicten algunhas das súas circulares e dese incuestionablemente amplo marxe de autonomía que tiñan os respectivos xefes militares no territorio da súa demarcación segundo certifica o exemplo do noso lexionario.

Sen ir máis lonxe, o 11 de agosto, Mola, o mesmo xeneral que o 19 de xullo do 36 convocara a todos os alcaldes da zona de Pamplona para lles dicir que era preciso sementar o terror eliminando sen escrúpulos a todos os que non pensasen como eles, dirixía unha serie de instrucións “Ordenando a todas las agrupaciones políticas o militarizadas que luchan a nuestro lado por la causa de España que es necesario cesen los actos de violencia en las personas y cosas cometidos por iniciativas de individuos aislados o pequeñas agrupaciones pertenecientes a estas instituciones, así como las detenciones sin causa justificada, por estimar podría ser causa que nos comparasen en procedimiento a los bárbaros empleados por las hordas comunistas, que en patriótica cruzada y en lucha noble y honrada tenemos que aplastar para salvar a nuestra querida Patria”. O 22 de agosto, segundo consta nun escrito reservado da VII División Orgánica transcribindo un telegrama cifrado do propio Mola, engadía que “Prohíban en forma terminante que falangistas o fuerzas similares practiquen detenciones sin orden escrita y cometan actos de violencia. Estoy dispuesto a castigar severamente, en juicio sumarísimo, los crímenes que se cometan, llegando incluso a la disolución de las agrupaciones que los realicen”¹⁵.

O acontecido en Mallorca resulta tamén moi significativo para valorar o papel do xeneral Francisco Franco na represión: o comandante de Infantería Mateu Torres Bestard escribiulle ó ferrolán molesto pola escasa enerxía amosada polo coronel ó mando na represión dos republicanos, engadindo que “menos mal que Falange hace alguna *limpia*, que no

¹³F. Espinosa sostén que pode afirmarse que na primeira quincena de agosto decidiuse dende as máis altas instancias golpistas a eliminación masiva de todas as persoas estreitamente vencelladas á experiencia republicana e a realización dunha severa purga da base obreira e esquerdista que lle serviu de apoio. O feito de que non estivesen decididos certos aspectos formais desa tarefa explicaría a multiplicidade de situacións atopadas en canto á modalidade de asasinato e a inscrición ou non das vítimas, salientando que foron as limitacións dos consellos de guerra con relación ó volume dos que había que cribar o que explicaría que a opción maioritaria fose a de prescindir de calquera formalidade legal (vid. ESPINOSA MAESTRE, F., “Julio de 1936. Golpe militar y plan de exterminio”, en J. Casanova (coord.), *Morir, matar, sobrevivir. La violencia en la dictadura de Franco*, Barcelona, Crítica, 2002 pp. 83-84).

¹⁴CENARRO LAGUNAS, A., “La lógica de la guerra, la lógica de la venganza: violencia y fractura social en una comunidad bajoaragonesa, 1939-1940”, en C. Mir et al. (coords.), *Actas del Segon Congrés Recerques, Enfrontaments civils: postguerres i reconstruccions*, Lleida, Associació Recerques-Pagés editors, 2002, p. 703.

¹⁵Cit. en MARTÍN RUBIO, A. D., *Paz, piedad, perdón... y verdad. La represión en la guerra civil: una síntesis definitiva*, Toledo, Ed. Fénix, 1997, p. 452; SABIN, J. M., *Prisión y muerte en la España de postguerra*, Madrid, Anaya/Mario Muchnik, 1990, p. 234.

puede aplicar a los figurones por estar detenidos”; pouco despois, en outubro de 1936, era nomeado gobernador civil polo propio Franco institucionalizando as «sacas» de presos, teoricamente postos en liberdade pero en realidade fusilados sen a máis mínima formalidade legal¹⁶. A responsabilidade última de Franco tamén ten sido subliñada por autores como P. Preston e M. Richards aludindo ó telegrama enviado por Franco dende Melilla o mesmo día da sublevación esixindo “castigos exemplares” a inflixir sen “titubeos nin vacilacións”¹⁷. Naturalmente, ningunha destas instancias era informada, nin previa nin posteriormente, de cada un dos asasinatos concretos que se cometían dentro de cada unha das provincias que integraban a División nin do conxunto do territorio español controlado polos sublevados; pero o feito de que non dictasen instrucións específicas e se actuase coa mesma enerxía reservadas para os desafectos para detelas por completo, como se fixo posteriormente, era a mellor proba de que comulgaban co que estaba a acontecer na retagarda sempre que todo estivese baixo o seu absoluto control. Confirma esta tese o feito de que en lugares moi afastados entre si poida observarse como a represión adquire un carácter máis sistemático, mesmo nalgúns casos cun ritmo máis lento e metódico¹⁸.

No que atinxe ó Estado Maior da División Orgánica cómpre salientar a capacidade de que dispuña para actuar dentro deses parámetros xerais, sendo o encargado de transmitir as instrucións ás diferentes comandancias militares, ós responsables máximos da Garda Civil en cada unha das provincias e, moi excepcionalmente, ás xefaturas de milicias, xa que o normal é que esta comunicación se efectuase a través dos mandos militares ou dos gobernadores civís polo conducto regulamentario previsto a tales efectos. Por exemplo, a Orde do presidente da Xunta de Defensa Nacional relativa á prohibición de que os milicianos efectuasen detencións sen orde escrita foi transmitida á sede da División Orgánica e dende aí ás Comandancia Militares e Gobiernos Civís para, dende estes, ser trasladada ós postos das Garda Civil e ás xefaturas provinciais de Falanxe co encargo expreso de que se fixese chegar ós responsables comarcais e locais.

Os mandos militares provinciais tiñan, como salientamos, un amplísimo marxe de autonomía e discrecionalidade, que foi practicamente absoluto nas primeiras semanas, para actuaren dentro do territorio sometido á súa xurisdicción, sendo os responsables directos da posta en marcha dos mecanismos represivos. Gobernadores militar e civil tiñan baixo o seu mando á totalidade das forzas da orde destinadas en cada provincia, transmitindo ordes e instrucións á Comandancia da Garda Civil e ás Xefaturas provinciais de Falanxe e das restantes milicias, e directamente a elementos escollidos de cada corpo, unidade ou milicia que empregaban como executores materiais dos asasinatos se desexaban actuar á marxe dos seus mandos inmediatos.

É este o subnivel no que se integra o asasinato do lexionario Anacleto Martínez Fernández. Nel interveñen todo un complexo de elementos de difícil valoración que incidían sobre a actividade represiva das diferentes instancias integradas naquel, caso dos rumores,

¹⁶MASSOT I MUNTANER, J., *Guerra civil i repressió a Mallorca.*, Barcelona, Publicacions de l'Abadia de Monserrat, 1997, p. 31.

¹⁷PRESTON, P., *Las tres Españas del 36*, Madrid, Plaza&Janés, 1998, p. 41; e RICHARDS, M., *Un tiempo de silencio. La guerra civil y la cultura de la represión en la España de Franco, 1936-1945*, Barcelona, Crítica, 1999, p. 32.

¹⁸Vid., por exemplo, o clarificador caso de Teruel en CENARRO LAGUNAS, A., *El fin de la esperanza: Fascismo y Guerra Civil en la provincia de Teruel (1936-1939)*, Teruel, Instituto de Estudios Turolenses, 1996, p. 77.

as noticias do que estaba a acontecer noutras partes do territorio republicano ou rebelde, as narracións de evadidos, a marcha da guerra, a presión internacional, etc. Todos eles configuran o que temos denominado *nivel de influencia externo* ou *difuso* como consecuencia da diferente percepción que nun intre determinado podía ter cadansúa instancia do significado de cada un destes elementos, dependendo de múltiples circunstancias. Por exemplo, non é o mesmo o efecto que pode provocar sobre unha poboación situada na liña de fronte a noticia da perda dunha posición ou o bombardeo dunha capital, que sobre un núcleo situado a centos de Kms. de onde se libran os combates. Unha derrota ou un obxectivo non conseguido podía provocar un andazo represivo que se cobrase a vida dunhas decenas de persoas.

Pero, como no caso analizado, moito máis determinante eran esas denuncias de todo tipo de xentes que enchían os despachos das autoridades e que podían significar a diferenza entre a vida e a morte para un preso, un tranquilo veciño ou un lexionario solto de lingua polo efecto da bebida. Ás veces, como semella ter acontecido co «Verrugas», sen sequera seren contrastadas, e outras previo filtro dos informes que obraban nos arquivos policiais e da Garda Civil, ademais dos depositados nas Comandancias Militares e Gobiernos Cívís. A todo este complexo é ó que denominamos *nivel de influencia interno* ou *inmediato*.

Fixéranse estes listados nos faladoiros da «xente ben», nos concorridos cafés das principais capitais, nas sedes das milicias, nalgún edificio oficial, ou en todos eles; existisen ou non «comités» ou «directorios provinciais», con ou sen asesores, fosen un ou varios, ou obrasen o comandante militar e o gobernador civil pola súa conta, o que si había era todo un conglomerado multiforme de persoas e intereses que confluían nos distintos centros decisicionais que era dende onde se transmitían as ordes a través de dunha cadea que, con maior ou menor intensidade e precisión, chegaban a todos os concellos da provincia. A complexidade deste mecanismo de transmisión das ordes posibilitaba que, a nivel local, os executores materiais atopáranse con certa frecuencia en situacións nas que debían debaterse entre a lealdade ós mandos intermedios e superiores e os múltiples compromisos relacionais que xorden na vida cotián dos pobos e aldeas, pero nese nivel director as cousas funcionaban cunha precisión moito máis mecánica.

Non cabe dudar, de calquera xeito, do proveito que os sublevados obtiveron coa implementación desta modalidade represiva dende o punto de vista propagandístico. A maior parte da xente –velaquí a abundosa tradición oral existente en Ourense sobre o caso que nos ocupa– acabou por identificar como principais cando non únicos responsables destes asasinatos a grupos de desclasados falanxistas que actuaban pola súa conta dando renda solta ós seus criminais instintos, buscando a satisfacción da súa sede de sangue ou saldando vellas contas por todo tipo de retesías persoais que as máis das veces nada tiñan que ver coa política. Fronte a eles alzábase a xustiza dos militares, firme e implacable, pero coas «garantías» propias dun proceso penal e que parecía estar principalmente reservada para os «elementos dirixentes». E no cumio o xeneral Franco; o bondadoso caudillo que en tantas ocasións lles lembrou que nada tiñan que temer aqueles que actuaran como simples dirixidos, enganados por perversos profesionais da política que non buscaban outra cousa que o seu propio beneficio; que prometeu compaixón e indultos para os que «non tivesen as mans manchadas de sangue»; que, en definitiva, como aconteceu co coronel Luis Soto Rodríguez, non dubidou en expulsar do Exército a aqueles que actuaban á marxe da lei dos sublevados.

V

O *terror quente* non é, pois, algo espontáneo que xurda e se estenda como se dunha epidemia se tratase, senón unha primeira fase na depuración dos elementos desafectos que forma parte dunha estratexia global posta en marcha polas altas instancias decisorias dos sublevados. Por iso representa un claro exemplo de *violencia estatal* que, en sentido amplo, podemos entender como o uso, a tolerancia e a ameaza da forza por parte de axentes do Estado, os seus representantes ou aqueles que se autoerixen en tal contando coa súa aprobación tácita ou a súa inhibición, realizada de forma máis ou menos organizada, e xa se exprese directa ou tanxencialmente nos planos práctico ou simbólico. Pero en tanto que, mediante o masivo emprego de recursos de forza, persegue a liquidación física de determinados individuos considerados desafectos perfectamente singularizados –o que non exclúe que ó seu amparo se amplíe o catálogo de vítimas política e socialmente indefinidas– ó tempo que proxecta sobre o colectivo social un clima de terror que neutraliza calquera resposta organizada e actúa como eficaz inhibidor das consciencias, debe ser forzosamente considerada como un caso extremo de violencia; violencia que non se pode escudar na necesidade de defensa dun Estado que, con independencia da legalidade ou a lexitimidade da súa procedencia, acode a tamaña desproporción de medios e procedementos de repulsión, esvaece e amplía os contornos de aplicación necesaria, actúa cunha marcada xustificación ideolóxica e crea un marco de impunidade xeneralizada indo máis aló de simples «excesos represivos».

O que o caracteriza é que non está formalmente amparado por ningunha norma dictada polos sublevados xa que o bando do 20 de xullo, o da *Junta de Defensa Nacional* (JDN) do 28 e as sucesivas ampliacións realizadas polos diferentes comandantes militares do primeiro deles só autorizaban a disparar contra os que fixesen resistencia, non obedecesen as intimacións da forza pública, fosen sorprendidos en lugares considerados estratéxicos ou tentasen darse á fuga, engadindo que serían fusilados sen formación de causa os posuidores de armas que non fixesen entrega delas nun determinado prazo, as directivas de sindicatos e organizacións patronais que promovesen folgas e lockouts e os cabezas de familia que agachasen a coñecidos extremistas contrarios ó movemento. No bando do 20 de xullo de Ourense prescribíase, por exemplo, que toda persoa que presenciase un acto de agresión ou violencia estaba obrigado a dar parte inmediatamente del, mentres que a Delegación de Orde Pública de A Coruña fixo unha perigosa extensión desta disposición cando, o 4 de agosto, publicou un bando segundo o que “todas as persoas que coñezan de xeito inmediato algún feito dos sancionados polos Bandos militares están obrigados a reprimilos por todos os medios ó seu alcance”¹⁹. Unha extensión que se ben podería interpretarse como un xeito de dar cobertura legal ás actuacións dos milicianos non autorizaba o uso deses «medios» máis que para reprimir un acto dos especificados pola normativa aprobada polos sublevados.

Como o resto da represión física, os obxectivos desta modalidade represiva non son outros que os de paralizar ós desafectos, cortar de raíz a máis mínima demostración de disidencia e forzar á colaboración activa dos indiferentes estendendo o terror ata o último recuncho da provincia. A súa extensión espacial cando menos por dous terzos dos

¹⁹Cit. en SUÁREZ, X. M., *O alzamento de 1936 no norte da Coruña*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1993, p. 10.

concellos da provincia confirma que só publicitando os seus resultados o terror pode cumprir a súa *ultima ratio*, o que explica que exista un marcado interese por expoñer os corpos á contemplación de todos os habitantes dunha aldea ou parroquia e todos os que transitaban polos camiños máis concorridos da provincia. O efecto multiplicador que provocaba a transmisión *boca a boca* do achado dos cadáveres contribuía a estender o terror de xeito máis eficaz que a publicación na prensa do nome dos fusilados ou a ameaza das «máis severas sancións» por parte das autoridades militares. Ó cabo sempre crea un grao de incerteza moito maior na poboación a contemplación dun descoñecido co cranio desfeito por dúas balas que a nova de que un coñecido dirixente político ou sindical foi pasado polas armas, e por isto a tendencia a amosar publicamente o compromiso como único medio para escapar do destino reservado para aqueles homes era aínda máis forte.